



Carlos González en Británicas, Manuel Leonardo en Continentais e David Andrew Hawatson en Springer, vencedores do Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Parada

O pasado 12 de Agosto disputábase no Tecor 'A Rosaleña' en O Rosal, a XIX edición do Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Parada.

Eran 16 os cans que participaban no apartado de razas británicas, mais só un conseguía puntuar, o S.I.M. 'Twis' de Carlos González Casas, acadando un S.B.

No apartado de razas continentais e springer participaban un total de 12 cans, onde destacaban especialmente os springers: 'Luar', de David Andrew Hawatson conseguía a victoria cun Excl. Segundo era 'Twinkle' conducido por Alicia Quintas Montero. En continentais vencía o B.A.M. 'Listo de Mirandaola' de Manuel Leonardo Sueiras cunha puntuación de M.B. 1º, sendo segundo clasificado 'Nak de Alecrín' (E.B.M.) conducido por Carlos Vila Ramilo.



Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com